

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2025/G005/000041.

Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores, día 15 de outubro de 2025, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26 DE FEBREIRO, 27 DE AGOSTO, 3, 10, 17, 24 DE SETEMBRO E 1 DE OUTUBRO DE 2025 (EXP. TECOL: 2025/G004/000582).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

LICENZAS URBANÍSTICAS

2. DECLARAR A CADUCIDADE DA LICENZA URBANÍSTICA 338/1992, NO CORRESPONDENTE UNICAMENTE Ó EDIFICIO B COMPOSTO DE PLATNA BAIXA PARA GARAXE APARCADOIRO (2 PRAZAS) E OFICINAS, E DÚAS PLANTAS ALTAS PARA 4 VIVENDAS E APROVEITAMENTO BAIXO CUBERTA PARA TRASTEIROS A EMPRAZAR NA RÚA SERRA DE MEIRA, NÚMERO 50. (2025/Y008/000002).

3. LICENZA URBANÍSTICA PARA AMPLIACIÓN DE ACTIVIDADE PREEXISTENTE, NO LUGAR DE CODESIDE, SANTA MARÍA DE MUXA, (Expte: 2025/Y001/000094).

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac3080035600691211140.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15-10-2025

4. CONCESIÓN DO USO PRIVATIVO DO CAMPO MUNICIPAL DE FUTBOL JOSÉ CARBALLIDO CERCEDA. EXPTE REF 2025-C012-000002. ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN.

MOCIÓN, COMUNICACIÓN E PROPOSICIÓN

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente,